

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE DO CONCELLO PLENO DO 22.02.2017

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), cando son as 10.05 h do 22.02.2016, baixo a presidencia do alcalde Juventino José Trigo Rey, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de realizar a sesión extraordinaria urxente convocada para hoxe.

Asistiron os/as concelleiros/as:

Gumersindo Pedro Galego Feal, Rocío Aurora Bértoa Puente, Juan José Franco Casal, Alejandro Jorge Gutiérrez Sánchez, Juana Barro Couto, José Andrés Serantes Panceiras, Ana María Novo Picos, Alejandra Permuy Meizoso, Justo Martínez Ardá, María Manuela Aguilar Prieto, Antón Lois Noceda Carballo, Joaquín Julián Ayala Garrido, Amalia García Balado e María del Carmen Martínez Rodríguez

Non asisten:

Xoán Manuel Rodríguez Bastida e César Daniel Castro García

Secretaria:

Estefanía Manteiga Lamas

Interventora:

Iria Luisa Díaz Gavela

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido segundo o artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, declara aberta a sesión e procede ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

Antes de comezar intervén o alcalde que traslada as excusas dos concelleiros do grupo municipal Somos Fene que non poden estar hoxe aquí, un por motivos de traballo e outro porque esta semana está fóra e pedíronlle que os excusara.

1. Pronunciamento do Pleno sobre a urxencia da sesión

De seguido intervén o alcalde para dicir que a urxencia vén motivada porque o día 24 é o último día para a presentación da documentación dos plans de obras e servizos da Deputación Provincial da Coruña para o ano 2017. Por iso para poder ter e presentar toda a documentación é imprescindible a aprobación deste Pleno.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, que anuncia que o seu grupo votará a favor da urxencia pero non sen matizar que a urxencia non é tal. A urxencia vén motivada pola falla de traballo do grupo municipal do BNG e os seus apoios, a urxencia a xera a falla de traballo e consenso cos demais grupos deste Pleno. Como todos saben, o POS aprobase o último venres do mes de novembro e dende aquela pasou todo o mes de decembro, xaneiro, ata o 24 que houbo Comisión de Urbanismo. Por tanto, a urxencia motívase pola falla de traballo, non había proxectos consensuados, non había proxectos feitos, non se lles chamou para nada, só nunha ocasión nunha Xunta de Voceiros pedíuselle que propuxera obras ao que lle dixo ao alcalde que primeiro habería que facer un documento de traballo, que non se fixo e non chegou ata o día da Comisión. Por iso, a urxencia motivouna o alcalde e xa lle dixo onte na Comisión que unha cousa é ser formiguña e outra cigarra e o grupo de goberno é cigarróns, todo é pantalla e ruído, pois á hora de traballar vén sempre coas urxencias ás que xa os teñen acostumados. Lembra que cando o BNG estaba na oposición dicía que primeiro eran os proxectos, logo unha Comisión extraordinaria e logo un Pleno extraordinario. Xustificábase dicindo que tiña que ver os proxectos, os informes antes de ir á Comisión e ao Pleno, por iso preguntalle, onde está a Comisión extraordinaria aquí?, pensa que ao seu grupo deulle tempo a ver os proxectos ou os informes?. Sinceramente, hoxe é mércores e están no Pleno, onte houbo unha Comisión e non deu tempo ao seu grupo a ver todos os proxectos e informes. Por iso teñen que votar a cegas, sen saber, incluso se algún deses proxectos ten informes favorables ou non, porque non os viron. Dille ao alcalde que acaba de dicir que a urxencia motívase porque o prazo remata o 24 de febreiro o sabía dende o último venres do mes de novembro, e non pode dicir que en

todos estes meses non houbo tempo para facelo, houbo tempo de sobras. Como sempre fai o seu grupo, vai votar a urxencia porque non queren que as obras se perdan para os veciños de Fene, pero se votaran en contra, que é o que de verdade lle pide o corpo ao seu grupo e é o que deberían facer, obrigaríalle a que as vindeiras convocatorias as presente en tempo e forma. Isto non é traer as obras en tempo e forma ao Pleno, é traelas así e tragar con elas. Di que o seu grupo ten tragadeiras para isto e para moito máis e, aínda que lle pareza o contrario, a actitude do seu grupo que amosaron durante os catro anos que estiveron no goberno valeulles que neste Pleno estean sete concelleiros e o BNG sexan catro, por iso dille que non actúe dun xeito prepotente, que é o que fai sempre e menos mal que non ten maioría absoluta porque senón aquí non paraban nin as ratas neste Pleno. Agora pide e pide e o seu grupo vai dar, pero dá polos veciños de Fene e non polo seu grupo que non ten nin a decencia nin a capacidade suficiente como para traer con suficiente antelación uns proxectos e uns informes.

De seguido fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que a verdade é queda pouco por engadir da análise do voceiro do grupo municipal do PP. Evidentemente están aquí por unha urxencia provocada, evidentemente o prazo para o POS+ remata nun par de días e hai investimentos por máis de 700.000 euros que de non tramitalos hoxe poderíanse perder, cando son obras necesarias para os veciños e veciñas de Fene. Chégase a estas alturas por unha ausencia de traballo, primeiro en canto á elaboración dos documentos e proxectos, e por outra por falla de traballo e vontade de chegar a acordos e consensos. Hai tempo que está a ver un goberno que entende que a negociación é dicir a ver se se presentan propostas, sen facer nada, esperando a que os prazos venzan, por iso, quen ten a responsabilidade de goberno ten a responsabilidade de impulsar os procesos de negociación e acordos precisos para que as propostas de obras poidan callar no conxunto dos veciños e nisto hai déficits continuos, uns tras outros. O seu grupo votará a favor da urxencia e farao por responsabilidade política coa institución e coas veciñas e veciños de Fene que non son responsables con que o traballo se faga ou se deixe de facer no Concello. Entende que este debate podíase ter adiantado moito, podíase ter chegado cun consenso moito máis amplo, deberíase ter chegado cun nivel de debate máis profundo coas entidades e veciños das parroquias que o que se fixo e lamenta que un ano máis estean aquí formulando as inversións máis importantes do Concello de Fene nunha situación de emerxencia e imposibilidade de tempo para ver os proxectos, incluso de incumprimentos das cuestións que se foron pactando nestes últimos días, dende o último Pleno, para tratar de avanzar no posible para que houbese unha proposta hoxe aquí no Pleno, incluso da petición que fixo o seu grupo que se fose adiantando por correo electrónico proxectos a medida que estivesen listos para podelos ir revisando pero tampouco se cumpriu ou non foi posible facelo. O seu grupo votará a favor da urxencia provocada pola falta de traballo do goberno e pola falta de impulso necesario para que haxa consenso suficiente para sacar os proxectos de Fene adiante.

Sometida a urxencia a votación é ratificada pola unanimidade dos concelleiros.

2. Aprobación, se procede, do expediente POS+ 2017 da Deputación Provincial da Coruña

Consta no expediente a seguinte Proposta da alcaldía do 20.02.2017, que foi ditaminada favorablemente na Comisión Informativa de Desenvolvemento Territorial e do Medio do 21.02.2016 pola unanimidade dos membros presentes, (2 do grupo municipal do BNG, 2 do grupo municipal do PP, 1 do grupo municipal Socialista e 1 do grupo Mixto municipal):

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Logo de ver o expediente tramitado para a solicitude da subvención relativo ao Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2017, no que consta entre outra documentación:

1 Proxecto de obra “Eliminación e verteduras de augas fecais no Carril (Barallobre) e instalación de illas ecolóxicas” asinado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos, Antonio J. Durán Maciñeira, de xuño de 2016. Sobre o mesmo consta dilixencia asinada polo enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal como informado en data 5 de xullo do 2016. (RXE.6579/01.07.2016)

2 Proxecto de obra “Reforzo do firme con regos asfálticos no camiño de Mundín (Perlío), rúa Unión (Maniños) e camiño de Lourenzá (Limodre)” asinado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos, Antonio J. Durán Maciñeira, de febreiro de 2017. Sobre o mesmo consta dilixencia asinada polo

enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal como informado en data 15 de febreiro do 2017. (RXE.1274/14.02.2017)

3 Proxecto de obra "Reforzo do firme con M.B.Q na rúa Alta (Perlío)" asinado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos, Antonio J. Durán Maciñeira, de febreiro de 2017. Sobre o mesmo consta dilixencia asinada polo enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal como informado en data 15 de febreiro do 2017. (RXE.1274/14.02.2017)

4 Proxecto de obra "Eliminación das verteduras de augas residuais en San Valentín" asinado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos, Antonio J. Durán Maciñeira, de febreiro de 2017. Sobre o mesmo consta dilixencia asinada polo enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal como informado en data 15 de febreiro do 2017. (RXE.1293/15.02.2017)

5 Proxecto de obra "Saneamento de augas fecais por gravidade no Feal (Magalofes) e Regueiro (Sillobre)" asinado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos, Antonio J. Durán Maciñeira, de febreiro de 2017. Sobre o mesmo consta dilixencia asinada polo enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal como informado en data 16 de febreiro do 2017. (RXE.1294/15.02.2017)

6 Proxecto de obra "Adecuación e mellora do camiño do Cádavo ás Chancas (Perlío)" asinado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos, Antonio J. Durán Maciñeira, de febreiro de 2017. Sobre o mesmo consta dilixencia asinada polo enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal como informado en data 17 de febreiro do 2017. (RXE.1385/16.02.2017)

7 Proxecto de obra "Protección da marxe do río Cádavo (Perlío)" asinado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos, Antonio J. Durán Maciñeira, de febreiro de 2017. Sobre o mesmo consta dilixencia asinada polo enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal como informado en data 20 de febreiro do 2017. (RXE.1385/16.02.2017)

8 Os correspondentes informes dos servizos técnicos municipais e xurídicos sobre os proxectos meritados.

Logo de ver que o prazo de finalización da solicitude do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos)-POS+ 2017 remata o 24 de febreiro do 2017, propónse que o Pleno do Concello ACORDE:

1.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2017" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e préstamo provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a "achega provincial 2017", "achega provincial 2016" e "préstamo provincial 2017":

A) Financiamento do pago a provedores:

	Deputación
Achega provincial 2016 aplicada ao financiamento de pago a provedores	-
Achega provincial 2017 aplicada ao financiamento de pago a provedores	-
Subtotal pago a provedores	-

B) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial 2017 aplicada ao financiamento de gastos correntes	282.123,21 €
Subtotal gasto corrente	282.123,21 €

C) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2017	Financiamento do investimento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Eliminación e verteduras de augas fecais no Carril (Barallobre) e instalación de illas ecolóxicas	38.086,08 €	-	38.086,08 €

Subtotal investimentos achega provincial 2017	38.086,08 €	-	38.086,08 €
---	-------------	---	-------------

ACHEGA PROVINCIAL 2016 (Investimentos financeiramente sostibles)	Financiamento do investimento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Saneamento de augas fecais por gravidade no Feal (Magalofes) e Regueiro (Sillobre)	131.170,56 €	17.693,07 €	148.863,63 €
Reforzo do firme con M.B.Q na rúa Alta (Perlío)	78.356,89 €	-	78.356,89 €
Subtotal investimentos achega provincial 2016	209.527,45 €	17.693,07 €	227.220,52 €

PRÉSTAMO PROVINCIAL 2017	Financiamento do investimento		
	Préstamo Deputación	Achega Concello	Orzamento total
Eliminación das verteduras de augas residuais en San Valentín	156.089,77 €	-	156.089,77 €
Reforzo do firme con regos asfálticos no camiño de Mundín (Perlío), rúa Unión (Maniños) e camiño de Lourenzá (Limodre)	38.872,42 €	-	38.872,42 €
Subtotal investimentos préstamo provincial 2017	194.962,19 €	-	194.962,19 €

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións incluídos no POS+ 2017 e que se relacionan nestas táboas.

D) Financiamento dos honorarios de redacción de proxectos:

Denominación do proxecto cuxos honorarios de redacción se solicitan (achega provincial 2017)	Deputación
Contrato menor de servizos de redacción de proxectos técnicos de obra	20.272,82 €
Subtotal redacción proxectos	20.272,82 €

E) Financiamento de achegas municipais a outros plans ou programas:

	Deputación
Achega provincial 2017 aplicada ao financiamento de achegas municipais	-
Achega provincial 2016 aplicada ao financiamento de achegas municipais para investimentos financeiramente sostibles	-
Subtotal achegas municipais	-

F) Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	Número/código do préstamo	Importe de "préstamo provincial 2017" aplicado á redución da débeda
BBVA Instituciones	0182-6244-895-46466969	30.279,82 €
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras		30.279,82 €

G) Resumo:

SUBTOTALS	Deputación	Concello	Total
A- PAGO A PROVEDORES	Achega 2016	-	-
	Achega 2017	-	-

B- GASTOS CORRENTES	Achega 2017	282.123,21 €		282.123,21 €
C- INVESTIMENTOS	Achega 2017	38.086,08 €		38.086,08 €
	Achega 2016	209.527,45 €	17.693,07 €	227.220,52 €
	Préstamo 2017	194.962,19 €		194.962,19 €
D- HONORARIOS REDACCIÓN	Achega 2017	20.272,82 €		20.272,82 €
E- ACHEGAS MUNICIPAIS	Achega 2017	-		-
	Achega 2016	-		-
F- REDUCCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2017	30.279,82 €		30.279,82 €
TOTAL	Achega 2017	340.482,11 €		340.482,11 €
	Achega 2016	209.527,45 €	17.693,07 €	227.220,52 €
	Préstamo 2017	225.242,01 €		225.242,01 €
	TOTAL	775.251,57 €	17.693,07 €	792.944,64€

2- Aprobar o Plan Complementario do ano 2017 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 20% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento
Adecuación e mellora do camiño do Cádavo ás Chancas (Perlío)	107.148,16 €
Protección da marxe do río Cádavo (Perlío)	79.520,72 €
TOTAIS	186.668,88 €

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2017 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2017, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Fene, 20 de febreiro do 2017
O alcalde-presidente
Juventino José Trigo Rey"

Abre o debate o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, que di que quere comezar cunha pregunta dirixida ao alcalde, pensa que o seu grupo municipal tivo tempo a revisar

todos os proxectos e os seus informes técnicos?. Pregunta isto porque veu as datas dos proxectos e dos informes e non se trata dun POS normal, porque se fose así estaríase a falar dunha inversión de aproximadamente 260.000 ou 268.000 euros que se poden ir nun asfaltado ou nunha rede de sumidoiros. Está a falar dun POS+ que supón a supresión de moitas subvencións que había con anterioridade na Deputación e a súa unión para o seu reparto nese global de 775.000 euros. Por todo isto reitéralle a pregunta ao alcalde e pídelles, que por humildade, revise as actas dos catro últimos Plenos de POS que houbo na lexislatura que gobernou o seu partido e gustaríalle que lese tanto as intervencións do anterior voceiro do BNG, o señor Polo como as súas, e dígalles (polo alcalde) o que tería que dicir el estando agora na oposición. Lémbbralles ao alcalde que lle di moitas veces que se lembre daquela vez, que "arrieros somos e no camiño nos encontramos", e todas aquelas barbaridades que vostedes, polo BNG, dicían, logo de consensuar todos os proxectos que viñan ao Pleno e logo de darlles mil voltas, e agora cando se lle caeu o proxecto das beirarrúas de Naturais deuse conta de que as cousas, cando se fan a última hora logo non se dan emendado, o que tamén lle ten pasado ao seu grupo cando gobernaba, pero eles dicían con humildade que o sentían, que pasou isto ou aquilo. Onte o alcalde tivo que dicir que o sentía que pasou isto, cando no pasado dende a oposición lle dicían que se tivera traballado con tempo non lle tería pasado, por iso agora el dílle o mesmo: se traballara con tempo sabería que as expropiacións desa estrada están mal feitas, mal medidas e entón o proxecto cáese. Dílle que é humano e non vai sacarlle a pel por isto, pero ás veces hai que coidar moito a lingua e saber do que se fala, por iso agora vese na mesma situación. Repítelles ao alcalde o que xa lle dixo onte, que ao seu grupo o que lle apetece e lle pide o corpo é votar en contra do POS, pero por responsabilidade sabe que o seu grupo sempre di que nunca van votar en contra de obras para os veciños de Fene, pero tamén dílle que o día de hoxe é un punto de inflexión, que ata aquí chegaron xa que se comporta como se tivese unha maioría absoluta, e Deus lle libre de que tivese sete concelleiros como ten o PP; eles son sete e o BNG son catro e por iso ten que contar con eles e cos veciños de Fene aos que representan, que están aquí por algo, están postos polos veciños, unha maioría que case duplica a que ten o seu grupo municipal. Por tanto, as obras si, todo ben, pero dílle ao alcalde que non se pase porque ao mellor estase "mexando fóra do tiesto" e iso non corresponde á situación das forzas políticas que hai neste Concello. Por iso, pídelles ao alcalde un pouco de humildade. Feita a referencia a eses catro anos de POS que o seu grupo tivo que sufrir cando gobernaba dílle ao alcalde que teña a seguridade de que este POS vai saír adiante e para iso está o seu grupo que o vai garantir sempre, pero tamén dílle que vote unha mirada ao POS do ano pasado, cando xa era el alcalde, que se aprobou por unanimidade, polo que lle pregunta que falta este ano para que ao mellor o POS non se aprobe por unanimidade? Ao mellor convén que se sente tranquilamente e reflexione e se pregunte que fixo mal, porque non se pode pensar que todo se fai ben, xa que todo o mundo ten os seus erros, virtudes e prioridades, e cada quen ten que saber a posición que ocupa e dílle que na negociación deste POS o alcalde non soubo a situación que cada quen ocupou, e precisamente por iso é polo que neste Pleno ten que recibir os reproches que ten que recibir, porque onde as dan as toman.

Dílle ao alcalde que sente moito que non sexa do seu agrado escoitar todo isto porque seguro que pensa internamente o mesmo que pensaba el cando era alcalde, se eu estou traballando e dando o callo, por que non me saen as cousas ben? por iso convén que faga esa reflexión. Feita a reflexión e dito o dito dílle que o seu grupo de goberno débese pór de acordo e falar entre eles, porque se enriba de ser catro, non dan falado, mal asunto, porque efectivamente nunha Xunta de Voceiros díxolles á oposición que propuxeran obras para o POS, alá polo mes de decembro. Naquela Xunta de Voceiros se lle dixo que non, que o goberno sabe en primeiro lugar as necesidades que pode haber máis inminentes e pon por caso o tema dos vertidos de San Valentín ou do Carril, cuestións urxentes que teñen que ir si ou si, cousas que sabe o goberno que goberna e está palpando estas necesidades de xeito máis inmediato, por iso se lle dixo que propoña o goberno un documento de traballo con obras e logo falará a oposición, o que é o normal. Pero cal foi a súa sorpresa que chegaron, sen pena nin gloria, sen volver a saber absolutamente nada, ata unha Comisión de Desenvolvemento Territorial onde o goberno dá obras para o POS, e cun mal facer, proceder ou unha mala forma de dirixirse a esas persoas que estaban naquela Comisión por parte do seu presidente, o concelleiro de Urbanismo, díxolles que aquilo era unha Comisión Informativa e que a propoñer obras, que somos uns "mangantes" e xa dixo o alcalde que non propuxeramos nada. Aclara que o concelleiro non dixo "mangantes" que é o xeito que ten el de expresalo. Prosegue a dicir que o alcalde non dixo tal e non lle dixo ao concelleiro o que se falou na Xunta de Voceiros, o cal é un problema do goberno, que non ten comunicación, por iso díxolle que primeiro hai que saber o que se vai meter a amortización da débeda, a pagamento das facturas, a gasto corrente e o que se vai aplicar a suplir aquelas subvencións que agora non trae a Deputación, entón de 775.000 euros ao mellor hai que sacar 150.000, 170.000 ou 200.000 euros, por iso díxoselle ao concelleiro de Urbanismo como se ían presentar obras naquela Comisión sen saber eses datos, ao que se lle contestou que iso que non, que iso era mentira e que tiñan que propoñer obras. Pois non se propuxeron obras, pero ao día seguinte saíu o alcalde no Diario de Ferrol dicindo que tiña que fixar o gasto corrente, o que se vai dedicar a inversión, o que se vai destinar para as subvencións que agora

non están cubertas, e logo de fixar esas cantidades que se ían fixar ao día seguinte nunha reunión ás 10.00 h e que logo se comezaría a falar, pero mentres tiveron que tragar na Comisión de Urbanismo, non sabe se porque vostedes non falaron, pero como xa dixoo, é a última vez que permiten este trato, por iso se non saben facer as cousas como as teñen que facer, aprendan, porque ese non foi xeito de chegar a unha Comisión nin de dirixirse aos seu membros, o que lle pareceu un mal proceder.

Dille ao alcalde que nunca veu actitudes destas do seu grupo, ao contrario, o que fixo sempre foi pór pedras no camiño e paus nas rodas, así onte na Comisión díxose que na urxencia íamonos abster para facilitar que saíse este proxecto adiante ao que se lle contestou que se nos abstíñamos o proxecto non saía adiante, motivo polo que se cambiou o voto a favor. Se iso ocorre ao revés o BNG non o faría, porque lles dá "yuyu" votar ao PP pero a eles non lles dá ningún, porque non votan polo BNG senón polos veciños de Fene, cousa da que moitas veces non se dan conta.

Engade que o BNG son os do non e o seu grupo é o do si, xa que votaron en contra de 700.000 euros de aglomerados que había para a zona rural e urbana con cargo ao remanente de tesourería da última lexislatura do PP e esa é a realidade que consta nas actas dos Plenos. Tamén votaron en contra dun parque infantil detrás do Concello por 40.000 euros e non tiveron a valentía de votar a favor do campo de fútbol de Maniños, abstivéronse dicindo que había informes en contra e pregúntalle, aquí non hai informes en contra?. Contéstalle que mire para o vindeiro punto do Pleno de hoxe que vai informado desfavorablemente por non contar coa autorización sectorial ou informe do concesionario do servizo de augas, é dicir, co informe de Viaqua e Patrimonio, pero como o seu grupo sabe que se vai pedir votarán a favor. Non obstante o BNG, no caso do campo de fútbol do Maniños, como faltaba o informe de AESA e Augas de Galicia abstivéronse, cando logo andan a vender o campo de fútbol por aí todos os días. Por iso pídelles ao alcalde un pouco de humildade, un pouco de respecto aos veciños de Fene e un pouco de decencia para facer as cousas como as hai que facer e non digan que non votaron que non porque as actas están aí, non aos aglomerados, non ao parque infantil tralo Concello e non ao campo de fútbol. Isto faríaos agora mesmo acredores dun non, pero por responsabilidade, igual que onte cambiaron o voto e votaron a favor para que o proxecto saíse adiante e isto chegase hoxe ao Pleno, hoxe vanse abster, aínda que o corpo lles pide votar non.

Deseguido intervén o voceiro do grupo socialista Antón Lois Noceda Carballo que di que apoia as propostas porque as ve necesarias e útiles e que como os recursos non son suficientes para unha anualidade ou mesmo dúas, hai que priorizar. Os criterios de priorización non son só a urxencia, senón tamén a necesidade de permisos, os solos que fan falta, etc.

Di que eles fixeron nos meses de abril, maio e xuño un traballo de recollida de propostas en parroquias e dixeron que as novas propostas irían ó redor dese traballo e que dese xeito sería doado encontrarse. Non obstante, o camiño non foi como pensaban. O programa foi aprobado a finais de novembro. Xa no anterior plan quedouse en que había que ter unha carteira de proxectos para que non nos pillara o toro cos distintos plans, sen embargo isto non fixo ou encargou ata ter isto enriba, chegando ao POS + sen apenas proxectos elaborados.

A finais de decembro convocóusenos a unha xuntanza para clarexar o plan e quedouse en concretar datos numéricos para delimitar as contías que se terían para o plan, dando como data para dar eses datos o 15.01.2017. Logo esixíronse propostas na Comisión de Obras sen facilitar datos, os cales se dan aos dous días e cun avance da proposta de goberno. O PSOE tardou menos de 48 horas en facer a súa proposta, pero xa se estaba a finais de xaneiro, cun prazo e calendario complexos con imposibilidade de facer un mínimo proceso participativo, ademais de que o goberno estaba empecinado en que as súas obras eran as prioritarias, en que non había tempo para facer proxectos, sen embargo algunha proposta de camiño novo apareceu hai quince días e curiosamente si deu tempo a facer o proxecto, para o que non houbo tempo foi para as outras quince propostas de prioridades que fixo a oposición e que non estaba nas expectativas do goberno.

Hai un grao de coincidencia importante entre as propostas que se traen e ás dos diferentes grupos, o que facilita que a proposta se poida aprobar. Non obstante, se houbera máis esforzos por tratar de integrar as propostas dos demais partidos, di que todos poderían estar máis satisfeitos, polo que empraiza ao alcalde a esforzarse en chegar a iso.

Considera que quedou por facer traballo técnico, xa que o ano pasado cando se elaboraron os proxectos para os diferentes plans, sempre se traballou con proxectos demais porque algúns tiñan riscos; agora á parte de adicar 120.000 euros a gasto corrente para destinalos aos plans provinciais que son eliminados, caeuse un proxecto e non houbo capacidade de propor outras cousas porque non había proxectos, o que é preocupante e habería que corrixir algo, xa que hai un ano os procedementos eran mellores.

Remata dicindo que non queren que se perdan os cartos, que todas son obras necesarias e co documentos que teñen consensuado dase prioridade a proxectos necesarios para subvencións pendentes, cos que se poida mellorar esta proposta. Invita ao alcalde a que non tire pola borda esta xenerosidade por parte da oposición e anuncia que non votarán a favor porque o proceso non foi o

desexable cos grupos e coas entidades de veciños que participaron na elaboración de propostas de anteriores anualidades.

De seguido intervén o alcalde que agradece á oposición que facilite a aprobación do POS e di que na primeira relación de obras que pasou, este goberno o que fixo foi exclusivamente cingirse a un acordo de goberno asinado en maio e xuño cando se formou goberno e no que se fixaron unhas liñas de actuación que se consideraban imprescindibles.

O PP dende decembro non fixo nin unha soa aportación concreta e só dixo que tiñan preferencia por obras de saneamento e auga. Outros grupos si presentaron propostas concretas.

Este POS non é normal, inclúe por primeira vez todas as subvencións que antes da ba a Deputación nunha única liña de actuación. A primeiros de decembro di que se puxeron a entender como funcionaba, triplicándose os importes que hai que xestionar agora todos xuntos, polo que o traballo cambia bastante.

Entende que ao PP non lle deran tempo a ler os proxectos, porque xa antes era difícil con 240.000 euros, polo que agora máis o será con 700.000.

Prosegue dicindo que os POS doutros anos tamén saíron adiante e que as obras foron consensuadas na súa maioría coas sociedades, xa que houbo reunións en novembro e decembro de 2016.

Na Comisión de Desenvolvemento Territorial querían concretar para ter máis proxectos, xa que este é un Plan dinámico ao que se van aportar máis cartos.

Engade que no tempo que estivo na oposición en reiteradas ocasións os voceiros da oposición votaban a favor para que os asuntos fosen tramitados, inda que o resto do grupo se abstivera.

Neste plan van incluídas unha relación importante das obras presentadas pola oposición.

Fala da responsabilidade dos grupos que houbo normalmente, inda que non hai que olvidar que algún voto en contra da urxencia dos orzamentos, provocou que un tema tan importante para o concello quedara sen aprobar.

A continuación toma a palabra o voceiro do grupo do PP Gumersindo P. Galego Feal que chama ao alcalde terxiversador, prepotente e desagradecido, xa que se debía matizar iso de que o PP non propuxo ningunha obra, xa que dende un principio se dixo ao goberno que fora este o que propuxera porque era o que coñecía as prioridades e que logo xa falarían eles.

Non obstante, díxose que xa que agora tempos unha depuradora en Ares, completar a rede de sumidoiros e acabar cos vertidos é unha prioridade. Iso, di, foi o primeiro que dixeron e logo o goberno trouxo unha relación de obras entre as que había tres de saneamento, polo tanto, entende que non había xa nada que propor, xa que estaban conformes e lles parecía un importe suficiente.

Logo, a partir de aí, di que o goberno non foi capaz de preparar máis, como o último tramo que queda en Marqués de Figueroa.

Dille ao alcalde que xa sabe que o del é ruído e pantalla, que en febreiro veu ao pleno unha moción na que se consensuaron obras e que se non se chega a iso, el non arranca porque o que fixo foi coller o listado da oposición e así chegamos a hoxe. Nesa relación van as obras do PP e se non o quere ver ou ser medianamente agradecido, di que van mal.

A continuación intervén o voceiro do grupo socialista Antón Lois Noceda Carballo que di que ningunha das obras de camiños e aglomerados veñen no acordo de goberno e do resto non están máis que algunha de forma xeral; pódese dicir que algunha ten inspiración nese acordo, pero non estaban nel.

En relación co que dixo o alcalde de que as obra foron ratificadas polas sociedades, di que lle costa crer que as parroquias que non están incluídas manifestaran o seu acordo en non levar obras.

Di que se falou de mellorar este ano, de abrir canles de participación e non se avanzou porque as sociedades non tiveron capacidade de decidir as prioridades.

Considera que se o 28 de novembro se encargaran máis proxectos hoxe chegaríase con máis tempo.

Sometido o asunto a votación foi aprobado por maioría simple de 5 votos a favor (4 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo Mixto municipal) e 10 abstencións (7 do grupo municipal do PP e 3 do grupo municipal Socialista).

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

1.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2017" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e préstamo provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a "achega provincial 2017", "achega provincial 2016" e "préstamo provincial 2017":

A) Financiamento do pago a provedores:

	Deputación
Achega provincial 2016 aplicada ao financiamento de pago a provedores	-
Achega provincial 2017 aplicada ao financiamento de pago a provedores	-
Subtotal pago a provedores	-

B) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial 2017 aplicada ao financiamento de gastos correntes	282.123,21 €
Subtotal gasto corrente	282.123,21 €

C) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2017	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
Eliminación e verteduras de augas fecais no Carril (Barallobre) e instalación de illas ecolóxicas	38.086,08 €	-	38.086,08 €
Subtotal investimentos achega provincial 2017	38.086,08 €	-	38.086,08 €

ACHEGA PROVINCIAL 2016 (Investimentos financeiramente sostibles)	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
Saneamento de augas fecais por gravidade no Feal (Magalofes) e Regueiro (Sillobre)	131.170,56 €	17.693,07 €	148.863,63 €
Reforzo do firme con M.B.Q na rúa Alta (Perlío)	78.356,89 €	-	78.356,89 €
Subtotal investimentos achega provincial 2016	209.527,45 €	17.693,07 €	227.220,52 €

PRÉSTAMO PROVINCIAL 2017	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Préstamo Deputación	Achega Concello	Orzamento total
Eliminación das verteduras de augas residuais en San Valentín	156.089,77 €	-	156.089,77 €
Reforzo do firme con regos asfálticos no camiño de Mundín (Perlío), rúa Unión (Maniños) e camiño de Lourenzá (Limodre)	38.872,42 €	-	38.872,42 €
Subtotal investimentos préstamo provincial 2017	194.962,19 €	-	194.962,19 €

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións incluídos no POS+ 2017 e que se relacionan nestas táboas.

D) Financiamento dos honorarios de redacción de proxectos:

Denominación do proxecto cuxos honorarios de redacción se solicitan (achega provincial 2017)	Deputación
Contrato menor de servizos de redacción de proxectos técnicos de obra	20.272,82 €
Subtotal redacción proxectos	20.272,82 €

E) Financiamento de achegas municipais a outros plans ou programas:

	Deputación
Achega provincial 2017 aplicada ao financiamento de achegas municipais	-
Achega provincial 2016 aplicada ao financiamento de achegas municipais para investimentos financeiramente sostibles	-
Subtotal achegas municipais	-

F) Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	Número/código do préstamo	Importe de "préstamo provincial 2017" aplicado á redución da débeda
BBVA Instituciones	0182-6244-895-46466969	30.279,82 €
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras		30.279,82 €

G) Resumo:

SUBTOTALS		Deputación	Concello	Total
A- PAGO A PROVEDORES	Achega 2016	-	-	-
	Achega 2017	-	-	-
B- GASTOS CORRENTES	Achega 2017	282.123,21 €		282.123,21 €
C- INVESTIMENTOS	Achega 2017	38.086,08 €		38.086,08 €
	Achega 2016	209.527,45 €	17.693,07 €	227.220,52 €
	Préstamo 2017	194.962,19 €		194.962,19 €
D- HONORARIOS REDACCIÓN	Achega 2017	20.272,82 €		20.272,82 €
E- ACHEGAS MUNICIPAIS	Achega 2017	-		-
	Achega 2016	-		-
F- REDUCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2017	30.279,82 €		30.279,82 €
TOTAL	Achega 2017	340.482,11 €		340.482,11 €
	Achega 2016	209.527,45 €	17.693,07 €	227.220,52 €
	Préstamo 2017	225.242,01 €		225.242,01 €
	TOTAL	775.251,57 €	17.693,07 €	792.944,64€

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2017 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 20% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento
--	-----------

Adecuación e mellora do camiño do Cádavo ás Chancas (Perlío)	107.148,16 €
Protección da marxe do río Cádavo (Perlío)	79.520,72 €
TOTAIS	186.668,88 €

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2017 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2017, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

3. Aprobación, se procede, do proxecto "Reposición de saneamento no Camiño do Sartego (dende avenida Naturais ata o camiño de Casanova)"

Consta no expediente a seguinte Proposta da alcaldía do 20.02.2017, que foi ditaminada favorablemente na Comisión Informativa de Desenvolvemento Territorial e do Medio do 21.02.2016 pola unanimidade dos membros presentes, (2 do grupo municipal do BNG, 2 do grupo municipal do PP, 1 do grupo municipal Socialista e 1 do grupo Mixto municipal):

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

O Concello de Fene está inmerso na tramitación dunha subvención nominativa a conceder pola Deputación Provincial da Coruña.

Para a implementación de dita subvención elaborouse o proxecto técnico "Reposición de saneamento no Camiño do Sartego (dende Avenida Naturais ata o Camiño de Casanova)" de novembro de 2016 (RXE núm 11355 de 24.11.2016), asinado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos, Antonio J. Durán Maciñeira. Sobre o mesmo consta dilixencia asinada polo enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal como informado favorablemente en data 09.02.2017.

Logo de ver o informe da secretaría municipal de data 20.02.2017 que conclúe "Infórmase desfavorablemente a aprobación do proxecto "Reposición de saneamento no camiño do Sartego (dende Avda. Naturais ata camiño de Casanova) e aglomerado da rúa Fontenova" ao non contar coa autorización sectorial e informe do concesionario do servizo de saneamento precisas.

Unha vez se obteñan as autorizacións e informes sectoriais precisos con carácter favorable, levantarase o carácter desfavorable deste informe."

Consta no expediente solicitude de autorización á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural (RXS nº 2287/29.06.2016) e solicitude de informa a VIAQUA, concesionaria do servizo de saneamento do Concello de Fene (RXS nº 604/13.02.2017).

Á vista de que o pleno é competente para a aprobación do presente proxecto, en base ao artigo 22.2 ñ) LBRL, ao non estar previstos no orzamento municipal, propoño ao pleno municipal á adopción do seguinte ACORDO:

Aprobar o proxecto "Reposición de saneamento no Camiño do Sartego (dende Avenida Naturais ata o Camiño de Casanova)" de novembro de 2016 (RXE núm 11355 de 24.11.2016) por importe de 129.591,00 euros.

Fene, 20 de febreiro de 2017
O alcalde-presidente
Juventino José Trigo Rey"

Inicia o turno de intervencións do voceiro do grupo do PP Gumersindo P. Galego Feal para preguntarlle ao alcalde se falou co seu grupo antes da Comisión de onte, se puideron revisar informes. Di que non, pero inda así o seu grupo votou onte e o asunto saiu adiante. Di que non van votar en contra das obras, pero que estas non son formas porque tiveron Xunta de Voceiros non hai tanto e se puido falar disto. Non obstante é un saneamento que ven ben, e inda que o corpo lle pida non, os veciños pídenlle si e vailla devolver como no campo de fútbol anunciando a abstención porque hai informes en contra.

A continuación intervén o voceiro do grupo socialista Antón Lois Noceda Carballo que di que coñeceron polo xornal cando se acordou esta obra coa Deputación; a obra ía ter o seu apoio porque a viron necesaria e as primeiras decisións para elaborar o proxecto as tomou el. Coñeceron onte da ampliación dun ramal en Comisión.

Engade que el tamén tivo que presentar proxectos cando faltaba algún informe por vir, polo que entenden a situación e por isto tamén cren que hai que ter máis humildade.

Son conscientes que nestas cousas hai que ser xeneroso, sobre todo nesta obra que está rebentando cada dous por tres.

Remata dicindo que deben ter mellor coordinación porque non se debe quen é o concelleiro de obras, se Justo ou o alcalde, xa que cando se lle pregunta ao concelleiro moitas veces respostas que ten que preguntar. Roga que se contacte con Viaqua para que teña outro comportamento, como non contestar algo que coñecen perfectamente.

A pesar de todas as licenzas en tramitación, como a obra a iniciou un concelleiro socialista, anuncia que van votar a favor.

Sometido o asunto a votación foi aprobado por maioría simple de 8 votos a favor (4 do grupo municipal do BNG, 3 do grupo municipal Socialista e 1 do grupo Mixto municipal) e 7 abstencións do grupo municipal do PP.

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

Aprobar o proxecto "Reposición de saneamento no Camiño do Sartego (dende Avenida Naturais ata o Camiño de Casanova)" de novembro de 2016 (RXE núm 11355 de 24.11.2016) por importe de 129.591,00 euros.

Ao non haber máis asuntos que tratar, a presidencia declara rematado o acto cando son as 11.39 h, de todo o que, como secretaria, dou fe.

O alcalde

A secretaria

Juventino José Trigo Rey

Estefanía Manteiga Lamas